



DATOS IDENTIFICATIVOS

Socioloxía: Socioloxía da comunicación

Materia	Socioloxía: Socioloxía da comunicación			
Código	P04G071V01102			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Lage Picos, Jesús Adolfo			
Profesorado	Lage Picos, Jesús Adolfo			
Correo-e	xalp@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia forma na identificación dos referentes históricos que outorgan relevancia social e cultural á comunicación audiovisual; introduce nos enfoques teóricos da socioloxía da comunicación, e na análise e avaliación crítica da actividade audiovisual no contexto da competencia local, nacional e internacional.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética			
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.			
B2	Coñecer a realidade político-social do mundo na era da comunicación global.			
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.			
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.			
C2	Percibir criticamente o mundo audiovisual como froito dunhas condicións sociopolíticas e culturais ligads a unha época histórica determinada.			
C15	Coñecer os fundamentos da historia e teoría da comunicación.			
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.			
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1 - Identificar os referentes históricos que outorgan relevancia social e cultural á comunicación audiovisual.	A3	B1	C2	D2
2 - Recoñecer os enfoques teóricos da socioloxía da comunicación.		B2	C15	D3
3 - Analizar a actividade audiovisual no contexto da competencia local, nacional e internacional.		B4		
4 - Avaliar criticamente a nova paisaxe audiovisual, as relacións en rede, e as identidades.		B5		
5 - Interpretar a realidade político-social do mundo na era da comunicación global.				
6 - Expoñer de forma adecuada os resultados dos traballos académicos, traballar en equipo e comunicar as propias ideas.				
7 - Asumir riscos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos.				

Contidos

Tema	
------	--

1. O papel da comunicación e o xurdimento da sociedade moderna.	. Conxuntura histórica do nacemento da modernidade e a perspectiva sociolóxica. . Os media e o desenvolvemento das sociedades modernas.
2. Actores e procesos comunicativos: cambio social, cultura e poder.	. Paradigmas teóricos da interpretación do cambio social, a cultura e o poder. . A globalización e as súas caras. . Axentes, interaccións e redes de poder na esfera dos media.
3. Evolución, orde, conflito, e comunicación de masas nas explicacións sociolóxicas da modernidade.	. Teorías e investigación en comunicación. . A dixitalización e a revolución no sistema de comunicación mediada institucionalmente.
4. As sinerxias entre os procesos de globalización e as tecnoloxías da comunicación.	. Paradigmas mediáticos, estudos e características da opinión pública. . A comunicación mediática, a esfera pública, e a cultura.
5. Innovación, audiencias activas e identidades na sociedade e cultura contemporáneas.	. A era dixital, os referentes mediáticos, a cultura, e a construción das identidades. . A cultura da innovación na nova economía informacional.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	16.5	15	31.5
Debate	19.5	0	19.5
Traballo tutelado	2	0	2
Resolución de problemas	7.5	15	22.5
Exame de preguntas obxectivas	0.5	7	7.5
Exame de preguntas obxectivas	0.5	7	7.5
Exame de preguntas obxectivas	0.5	7	7.5
Exame de preguntas obxectivas	0.5	7	7.5
Exame de preguntas obxectivas	0.5	7	7.5
Traballo	0	10	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	25	27

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	O docente introduce e expón os conceptos e contidos de cada un dos temas, informando dos procedementos, textos, ou outros materiais, que permiten seguir as exposicións e afondar na materia.
Debate	Exposición, análise, e discusión aberta entre os estudantes e o docente, sobre cuestións relacionados cos contidos da materia.
Traballo tutelado	Elaboración dun traballo de grupo sobre temas sociais que atinxen á mocidade, acoutados previamente nas clases de prácticas.
Resolución de problemas	A partir das introducións realizada do docente nas clases de teoría, o alumnado deberá traballar os textos ou materiais propostos para contestar, comentar, e valorar, as cuestións suscitadas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Seguimento e atención ás dúbidas e problemas que xurdan ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe.
Debate	Seguimento e atención ás dúbidas e problemas que xurdan ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe.
Traballo tutelado	Seguimento e atención ás dúbidas e problemas que xurdan ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe.
Resolución de problemas	Seguimento e atención ás dúbidas e problemas que xurdan ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Exercicio de avaliación continua dos contidos introducidos no tema 1, realizado no horario de teoría, e que combinan preguntas tipo test e preguntas curtas.	10	B1 C2 D2 B2 C15 B4

Exame de preguntas obxectivas	Exercicio de avaliación continua dos contidos introducidos no tema 2, realizado no horario de teoría, e que combinan preguntas tipo test e preguntas curtas.	10	B1 B2 B4	C2 C15	D2
Exame de preguntas obxectivas	Exercicio de avaliación continua dos contidos introducidos no tema 3, realizado no horario de teoría, e que combinan preguntas tipo test e preguntas curtas.	10	B1 B2 B4	C2 C15	D2
Exame de preguntas obxectivas	Exercicio de avaliación continua dos contidos introducidos no tema 4, realizado no horario de teoría, e que combinan preguntas tipo test e preguntas curtas.	10	B1 B2 B4	C15	D2
Exame de preguntas obxectivas	Exercicio de avaliación continua dos contidos introducidos no tema 5, realizado no horario de teoría, e que combinan preguntas tipo test e preguntas curtas.	10	B1 B2 B4	C2 C15	D2
Traballo	Elaboración dun traballo de grupo que describa, analice, e reflexione, sobre temas sociais que atinxen á mocidade, acoutados previamente nas clases de prácticas.	10	A3 B4 B5	B2 C15	C2 D3
Exame de preguntas de desenvolvemento	Nas convocatorias oficiais de exame realizarase un exercicio no que responder por escrito de forma argumentada e coherente ás cuestións que se formulen en relación cos coñecementos sobre a análise social da comunicación.	40	A3 B4 B5	B1 C15	C2 D2 D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Seguindo o que establece o Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023), son dous os sistemas de avaliación continua e global. O alumnado deberá escoller nas primeiras catro semanas do cuadrimestre entre un dos dous sistemas de avaliación. De optar pola avaliación global, a alumna ou alumno informará ao docente da súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo establecido polo centro para tal fin, axuntado cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin.

O detallado nas metodoloxías recollidas na táboa precedente, corresponde ao **sistema de avaliación continua**. O cálculo da cualificación final neste sistema será ponderado como se especifica na táboa, advertindo que, a media das cualificacións obtidas nos exercicios de avaliación continua e do traballo ha de supor un mínimo dun 5 sobre 10, a mesma cualificación mínima que se terá que obter no exame de preguntas de desenvolvemento a realizar na data da convocatoria oficial. No caso de obter cualificacións inferiores ás requiridas non se fará suma das mesmas; de ser o caso de que a suma dos criterios de avaliación continua adoptados fose igual ou superior a un 5, a cualificación final que se fará constar será de 4,9 [Suspenseo].

A persoa non se presente ao exame constará como Non presentado (N.p.), aínda que fixera seguimento das actividades de avaliación continua.

De optar pola **proba de avaliación global**, na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial, o estudante deberá realizar o mesmo exame de preguntas de desenvolvemento que realice o alumnado acollido ao sistema de avaliación continua (suporá o 40% da cualificación, e ha de obterse un mínimo dun 5). Ademais do anterior, realizará un exercicio de comentario por escrito dun texto proporcionado polo docente do que fará un resumo, identificará as ideas ou datos argumentados relacionándoos cos contidos da materia, e rematará o comentario argumentando a propia opinión persoal razoada sobre o recollido no texto (suporá o 20% da cualificación, e ha de obterse un mínimo dun 5). Por último, fará entrega dun cartafol de recensións sobre un conxunto de textos seleccionados polo docente, dos que se informa na páxina de teledocencia da materia. A recensión é un comentario crítico dun traballo, que pasa por identificar a idea ou ideas principais recollidas, que resume os datos ou argumentos empregados para soste o que se afirma, e que incorpora a súa propia opinión razoada sobre o que se argumenta nos textos. Habilitarase un espazo na páxina de teledocencia para subir unha copia dixital do cartafol, no que se atoparán as referencias dos textos a traballar, e indicacións sobre a extensión e formato (suporá o 40% da cualificación, e ha de obterse un mínimo dun 5). No caso de obter cualificacións inferiores ás requiridas non se fará suma das mesmas; de ser o caso de que a suma dos criterios de avaliación global adoptados fose igual ou superior a un 5, a cualificación final que se fará constar será de 4,9 [Suspenseo].

A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da plataforma MooVi. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e recompilar a información específica e complementaria que sexa precisa para superar a materia.

Na data da segunda convocatoria da materia [segunda oportunidade], manteranse as notas das probas superadas na primeira convocatoria. No caso do **alumnado acollido a avaliación continua**, cando a media das cualificacións obtidas nos exercicios de avaliación continua e do traballo de grupo fose suspensa, ao non acadar o mínimo dun 5 sobre 10, o día do exame fará entrega dun cartafol de textos, e/ou exercicios que o docente indique no momento da publicación das notas da primeira convocatoria.

No caso do **alumnado acollido á avaliación global** que non o realizara, ou suspendese, o cartafol de textos, poderá facer entrega deste o día do exame.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ariño, Antonio, **Sociología de la cultura: la constitución simbólica de la sociedad**, 1ª ed., Ariel, 1995

Busquet, J.; Medina, A., **Invitación a la sociología de la comunicación**, 1ª ed., Editorial UOC, 2014

Callejo, M.J., **Investigación de audiencias: lost in transition**, <https://doi.org/10.5209/ciyc.64636>, CIC. Cuadernos de Información y Comunicación, 2019

Castells, M., **Comunicación y poder**, 1ª ed., Alianza Editorial, D.L. 2009

Himanen, P., **La ética hacker como cultura de la era de la información. En Manuel Castells (ed.). La sociedad red: una visión global**, pp. 505-518., 1ª ed., Alianza Editorial, 2006

Pardo, A.; Sánchez-Taberner, A., **Concentración de la distribución cinematográfica en España**, DOI: 10.7238/a.v0i47.1894, Anàlisi, 47,37-56, dic 2012

Thompson, J.B., **Los media y la modernidad. Una teoría de los medios de comunicación**, Paidós, 2003

Vaskes, I., **La transestética de Baudrillard: simulacro y arte en la época de simulación total**, DOI: <https://doi.org/10.17533/udea.ef.12703>, Estudios filosóficos, 38,197-219, Agosto 2008

Bibliografía Complementaria

Appadurai, Arjun, **El futuro como hecho cultural. Ensayos sobre la condición global**, 1ª ed., Fondo de Cultura Económica, 2015

Baricco, A., **The Game**, 1ª ed., Anagrama, 2019

Bayoit, G., **El cambio social. Análisis sociológico del cambio social y cultural en las sociedades contemporáneas**, 1ª ed., Siglo XXI, 2008

Baudrillard, J., **Cultura e simulacro**, 1ª ed., Kairós, 1978

Bauman, Z., **Modernidad líquida**, 1ª ed., Fondo de Cultura Económica, 2003

Beck, U., **La sociedad del riesgo: hacia una nueva modernidad**, Paidós, 2006

Beck, U., **¿Qué es la globalización?: falacias del globalismo, respuestas a la globalización**, Paidós, 1998

Bourdieu, P., **La opinión pública no existe**, 1972

Callejo, J., **Audiencias multimedia: múltiples problemas, múltiples intereses. En M. Martínez (coor.), Para investigar la comunicación: propuestas teórico-metodológicas**, pp. 53-82., 1ª ed., Técnos, 2008

Castells, M. (ed.), **La sociedad red: una visión global**, Alianza Editorial, 2006

Espinar, E.; Fran, C.; González, Mª J.; Martínez, R., **Introducción a la sociología de la comunicación**, Publicaciones Univ Alicante, D.L. 2006

Francescutti, Luís Pablo, **La narración audiovisual como documento social e histórico: enfoques teóricos y métodos analíticos.**, <https://doi.org/10.5944/empiria.42.2019.23255>, Empiria, 42, 137-161., 2019

Himanen, P., **La ética del hacker**, 1ª ed., Ediciones Destino, 2002

Lipovetsky, G.; Serroy, J., **La pantalla global. Cultura mediática y cine en la era hipermoderna.**, Anagrama, 2009

Mattelart, A., **Diversidad cultural y mundialización.**, Paidós, 2006

Miguel de Bustos, J.C., **Los grupos mundiales de comunicación y de entretenimiento, en el camino hacia la digitalización**, DOI : 10.3917/enic.021.0127., Les Enjeux de l'information et de la communication, oct. 2016

Moragas, M. de, **La comunicación: De los orígenes a internet**, 1ª ed., Gedisa, 2012

Rodríguez, A. (ed.), **España en su cine: aprendiendo sociología con películas españolas**, 1ª ed., Dykinson, 2015

Tortajada, I.; Willem, C., **Creación de significado online: recoger las voces de los y las fans de series televisivas.**, <https://doi.org/10.5944/empiria.42.2019.23252>, Empiria, 42, 99-112., 2019

Valhondo, J.L., **Estetizar la gravedad en un documental televisivo: El modelo del engagement en la difusión de la ciencia. En Rafael L. Cabrera Collazo (ed.). De la imagen al gesto.**, ISBN: 978-84-15665-65-6, Global Knowledge Academics (GKA), 2021

Recomendacións

Outros comentarios

Resulta insubstituíble realizar as lecturas recomendadas e o seguimento doutros recursos, para facilitar a comprensión dos contidos da materia, favorecer a participación nas clases, a realización de exercicios, e acadar os resultados de aprendizaxe. É importante que o estudiantado coñeza os recursos habilitados na páxina de teledocencia, e os criterios que rexen a avaliación da materia.